



PREGUNTA ORAL SOBRE A TRAMITACIÓN DE FACTURAS POLA REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE PAVIMENTACIÓN EN VIARIOS MUNICIPAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos meses de febreiro e marzo de 2016, “a concellería” de Medio Rural e Equilibrio Territorial, coa aquiescencia do alcalde, encargoulle a unha empresa a realización de traballos de pavimentación asfáltica en viarios municipais por contía superior aos 440.000 euros; e tamén lle encargou a unha segunda empresa traballos de pavimentación non asfáltica por valor de 45.000 euros, aproximadamente.

Á marxe de que tales traballos se desenvolveran sen unha planificación municipal previa e cuns resultados discutibles, en ambos casos a adxudicación realizouse “a dedo”, cunha absoluta falta de procedemento e en basta contradición coa Lei.


Nos meses de marzo e abril, o enxeñeiro de camiños municipal, e consideradas as Memorias de liquidación, “estima que se da resposta al trabajo encomendado, por lo que se presentan para su aprobación, si así procede”.

O certo é que a finais do ano 2016 o Grupo Popular non tiña coñecemento de que se tramitara o pagamento das referidas contías, circunstancia que chama a atención e que pode comprometer os próximos orzamentos e a boa xestión dos fondos públicos.

Á vista do exposto, cabe formular a seguinte pregunta:

Que previsións manexa o Goberno ao respecto da tramitación das correspondentes facturas relativas aos referidos traballos de pavimentación?, isto é, vai o Concello a negarse a aboar unhas facturas ao entender que non responden a unha contratación lícita e, conseguintemente, vai contemplar a posibilidade de que sexan os tribunais os que ordenen o pagamento, ou van proceder os membros da Xunta de Goberno a un recoñecemento extraxudicial de créditos?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017.



Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela